

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

1.- Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas ao financiamento dos gastos efectuados durante o período comprendido dende o 1 de xullo de 2019 e o día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes, en libros de texto e material escolar polo alumnado integrado en unidades familiares empadroadas no Concello de Ames, sempre que os alumnos estiveran matriculados durante o curso 2019/2020 nalgún curso de educación infantil (2º ciclo), nun centro sostido con fondos públicos, de acordo todo elo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A lexislación aplicable as subvencións do Concello de Ames é a seguinte:

- a) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- b) Lei 38/2003, de 28 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- c) Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSGA)
- e) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- f) Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade de subvencións e demais axudas públicas.

Ademais, o artigo 17.2 da LXS establece que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

O Concello de Ames non dispón de ordenanza xeral nin específica de subvencións, polo que as bases reguladoras deberemos aprobalas no marco das bases de execución do orzamento, concretamente na base 45 e seguintes das bases de execución do orzamento 2019 do Concello de Ames.

O procedemento para a concesión desta subvención será en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria, adxudicando, co límite fixado na base cuarta, aquelas que teñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

A través da presente convocatoria preténdese propiciar que, a través da colaboración financeira do Concello de Ames para a compra dos libros de texto e demais material didáctico precisos para o normal desenvolvemento da actividade académica, a poboación escolar integrada en familias con menos recursos dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento da súa aprendizaxe, centrando o esforzo orzamentario na educación infantil, por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.

2.- Gastos subvencionables

2.1.- Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables os derivados da adquisición de libros de texto, materiais curriculares e demais material didáctico.

2.2.- Momento de realización dos gastos financiados

Os gastos obxecto de subvención deberon efectuarse no período comprendido entre o 1 de xullo de 2019 e o día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes.

3.-Orzamento

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 7.500 €, imputables á aplicación orzamentaria 3261.4800.

4.- Contía máxima das achegas

As contías a conceder ao abeiro desta convocatoria non poderán exceder dos 120,00 € neno/a.

5- Destinatarios.

Poderán optar a estas subvencións os pais e nais -ou titores legais- dos nenos e nenas matriculados no curso escolar 2019/2020 nun centro de ensino sostido con fondos públicos, no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos).

Os solicitantes deberán cumprir, ademais dos requisitos recollidos nos artigos 13 da LXS e 10 da LSGA, os que de seguido se relacionan:

- a) A unidade familiar deberá estar empadroadada e residir de modo efectivo no Concello de Ames no momento da solicitude.
- b) As/os alumnas/os para os que se solicita as axudas deben estar matriculados no curso escolar 2019/2020 en centros de ensino sostidos con fondos públicos no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos).
- c) A renda per cápita da unidade familiar, computando os ingresos percibidos por todos os seus integrantes no exercicio fiscal 2018, non pode ser superior ao 100 % do IPREM anual con pagas extras, fixado para o exercicio 2018 na cantidade de 7.519,59 €

Para a determinación da renda per cápita sumaranse os ingresos anuais de todos os membros da unidade familiar maiores de idade, e dividírase entre o número de membros que formen a unidade familiar.

6.- Membros computables da unidade familiar

1. Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar**:

- a) Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados que convivan no domicilio familiar. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente o u preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda, sempre que non tiveran un contrato de traballo ou perciban recursos (agás bolsas), durante o ano inmediato anterior. A estes efectos, no caso de fillos maiores de 18 anos, terase en conta o seguinte:
 - Considérase que ten contrato se os ingresos alcanzan o 100% do IPREM anual con pagas extras fixado para o exercicio 2018
 - Só serán computados os seus ingresos, e computará como membro da unidade familiar, se os seus ingresos son inferiores ao 100% do IPREM anual con pagas extras, fixado para o exercicio 2018.

e) Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e e todos os fillos dos pais que convivan con eles e reúnan os requisitos do apartado anterior.

f) No caso de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida considerarase que forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

g) No caso de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante, agás no caso de custodia compartida. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, baixa no correspondente rexistro de parellas de feito, e convenio regulador onde conste a custodia do menor.

A estes efectos, considéranse tamén membros da unidade familiar os/as fillos/as dun dos proxenitores que non convivan na unidade, pero polo que este estea a abonar unha pensión alimenticia, sempre que resulte acreditado o pagamento da mesma.

h) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos, sempre que conste o empadramento xunto co resto da unidade familiar.

i) Os solicitantes deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas ca Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social; así mesmo, deberán estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Ames.

j) Os solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

7.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

7.1.- Lugar de presentación:

Opción 1: Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>)

Opción 2: Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames ubicadas na casa do Concello en Bertamiráns e na oficina municipal do Milladoiro.

Opción 3: Calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

Sexa cal sexa a opción elixida das tres anteriores, só se poden presentar copias auténticas da documentación requirida.

Para a comprobación de datos tributarios dos membros da unidade familiar é necesario que todos os membros da unidade familiar maiores de idade asinen a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2018, sinatura que no caso da opción 1 (rexistro telemático) terá que vir asinada electronicamente **por todos** os membros da unidade familiar maiores de idade salvo que, ao igual que nas outras dúas opcións, se presente unha copia auténtica¹ de dita autorización na que figuren as anteriores sinaturas.

¹. Terán a consideración de **copia auténtica** dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido.

As copias auténticas terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais. (Artigo 27.2 LPACAP)

7.2.- Prazo de presentación

As solicitudes para participar na presente convocatoria poderán presentarse no prazo de 30 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP.

7.3.- Documentación integrante das solicitudes

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

Anexo 1	<p><u>Solicitud de subvención</u></p> <p>Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente copias auténticas da seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Documento de identidade do solicitante. ▪ Libro de Familia e, no seu caso copia da sentenza que estableza as medidas paterno-filiais. ▪ Documento bancario onde indique o IBAN da conta na que haxa de efectuarse o ingreso da subvención e o titular da mesma. O titular da conta deberá coincidir co titular da solicitude da axuda. ▪ En caso de non autorizar ao Concello para a consulta directa da súa situación tributaria, deberá aportarse: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Certificados de imputación de rendas correspondente ao exercicio 2018, expedido pola Axencia Tributaria, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade. ▪ Certificado de non existencia de obrigas coa AEAT, referido a todos os membros da unidade familiar maiores de idade. ▪ Certificado de non existencia de obrigas coa Seguridade Social, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
Anexo 2	Certificado de matrícula no centro de ensino
Anexo 3	Declaración responsable do solicitante
Anexo 4	Memoria xustificativa

Estes anexos poderán obterse nas dependencias do Departamento de Educación, así coma na páxina web do Concello (www.concellodeames.gal).

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de ter presentado unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

8.- Tramitación e resolución.

8.1 Tramitación

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría Delegada en materia de Educación, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, previo informe do Departamento de Educación acreditativo de que da información que consta no seu poder, se derive que os solicitantes reúnen todos os requisitos para acceder á condición de beneficiarios.

Esta comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente	.-O alcalde
Vogais	.-O Concelleiro/a Delegado do Área. .-Dúas traballadoras do Departamento de Educación, designadas pola Concellaría, debendo actuar unha delas como secretaria da comisión.

8.2 Valoración das solicitudes.

O único criterio a considerar será a renda per cápita familiar dos solicitantes, de acordo co indicado na base 5ª.

O anterior deberá entenderse sen prexuízo dos casos en que os Servizos Sociais Municipais consideren que unha solicitude deba ser atendida en función da evolución desfavorable experimentada polo beneficiario desde o ano empregado para a valoración da situación económica (2018) ate o momento de formular a solicitude. Neste caso, o beneficiario resultará encadrado na primeira das categorías indicadas na base 4ª, correspondéndolle por tanto unha achega de 120,00 €.

A Comisión ordenará a totalidade de solicitudes presentadas en base aos anteriores criterios, procedendo á asignación individual de contías, co límite do crédito da convocatoria. En caso de que este non resulte suficiente para atender todas as solicitudes presentadas, o importe dispoñible destinarase a atender, en primeiro lugar, as correspondentes aos beneficiarios de menor capacidade económica.

A tal fin, as solicitudes serán atendidas en atención á capacidade económica dos beneficiarios.

8.3.– Importe da achega a conceder

As achegas a conceder ao abeiro desta convocatoria ascenderán aos seguintes importes:

Renda per cápita da unidade familiar	Importe máximo da achega
Menos do 50% do IPREM	120 €
Do 50% ata 75% IPREM	100 €
Do 75% ata 100% IPREM	80 €

A estes efectos, os ingresos da unidade familiar virán determinados do seguinte xeito:

- Polo importe que figure na parte xeral da base imponible do IRPF (Base imponible xeral e Base imponible do aforro, cadros 435 e 460 respectivamente)
- De non existir obriga de presentar a declaración do imposto, os ingresos determinaranse a partir da información facilitada pola AEAT (rendementos + ganancias patrimoniais - gastos deducibles)

8.4 Notificación e publicidade da resolución de concesión

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de 9 meses a partir do día de publicación da convocatoria, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

Aos anteriores efectos, no caso de concesión, a resolución expresará o obxecto da subvención outorgada, o importe a xustificar, o importe xustificado e o importe a aboar. No caso de desestimación, a resolución indicará o motivo polo que se denega.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou.

A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. (un mes desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación expresa da resolución de reparto de achegas).

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

8.5 Aceptación da subvención

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiario/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

9.- Xustificación e pagamento.

9.1.- Prazo de xustificación

Tendo en conta o especial carácter desta convocatoria, na que o período de execución do gasto remata o mesmo día que o de presentación das solicitudes de participación no procedemento, a documentación xustificativa, acreditativa da realización do gasto efectuado, deberá presentarse xunto ca solicitude de achega.

O prazo de xustificación finalizará o mesmo día en que remate o prazo de presentación de solicitudes. En virtude da natureza da convocatoria, este prazo non será prorrogable.

9.2 Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 3 destas bases, á que se engadirán as facturas de gasto, e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil.

Para os efectos da xustificación documental, deberanse presentar copias auténticas de toda a documentación requirida.

9.3 Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da LXS,

entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior. Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os solicitantes achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda dos erros advertidos no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP e que implicará a renuncia á achega concedida.

Para o pagamento da subvención, terase en conta que, no caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% da achega concedida, aboarse o importe efectivamente acreditado na xustificación.

En aplicación destes criterios, o informe emitido polo órgano xestor indicará o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar ao solicitante da subvención.

Para o cobro da subvención os/as solicitantes deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias ca AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

10.- Control posterior das achegas concedidas.

Para os efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a comprobación das achegas concedidas levarase a cabo do seguinte xeito:

10.1.- Número total de expedientes obxecto da revisión

- a) As solicitudes presentadas serán numeradas en función da data e da hora de presentación no Rexistro Xeral do Concello.
- b) De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 15 % para o seu control posterior. A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes que se revisen non será nunca inferior a dous.

10.2.- Expedientes obxecto de revisión.

Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:

- a) A solicitude presentada en último lugar será revisada sempre.
- b) Os demais expedientes que se revisen serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior apartado.

11.- Reintegro das subvencións

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

12.- Outras subvencións ou axudas

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os solicitantes doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Ames.

13.- Réxime sancionador

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

Disposicións adicionais.

Disposición adicional primeira.- Difusión do carácter público do financiamento.

Os beneficiario/as deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario/a viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

Disposición adicional segunda. Órganos de control das achegas concedidas.

O solicitantes de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Cuentas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Disposición adicional terceira. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvenciones e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiario/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
- Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 30 do RD 887/06, a publicidade das subvencións realizarase de acordo co establecido para a publicidade de subvencións e axudas públicas da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Disposición adicional cuarta.-Protección de datos.

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das axudas de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. curso 2019/2020, de conformidade coa regulación establecida pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de

decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

Disposición final

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2019, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Ames, 5 de marzo de 2020

A técnico de educación

Rosa I. García Agrelo

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL
ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.
CURSO 2019/2020**

ANEXO 1

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.

Nome			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Teléfono		Correo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. Curso 2019/2020, SOLICITO, ao abeiro da mesma, a concesión dunha achega para os gastos que se indican a continuación destinada aos seguintes estudantes:

Nome do alumno/a	Centro educativo	Curso

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude:

- a) Copia auténtica do documento de identidade do solicitante.
- b) Copia auténtica do libro de familia e, no seu caso copia cotexada da sentenza que estableza as medidas paterno-filiais.
- c) Documento bancario onde indique o IBAN da conta na que haxa de efectuarse o ingreso da subvención e titular da mesma. O titular da conta deberá coincidir co titular da solicitude da axuda.
- d) En caso de non autorizar ao Concello para a consulta directa da súa situación tributaria, deberá aportarse:
 1. Certificados de imputación de rendas correspondente ao exercicio 2018, expedido pola Axencia Tributaria, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 2. Certificado de non existencia de obrigas coa AEAT, referido a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 3. Certificado de non existencia de obrigas coa Seguridade Social, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 4. Certificado do padrón municipal onde conste toda a unidade familiar empadroada no Concello de Ames.

Ames, _____ de _____ de 2020
O/A solicitante.

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL
ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.
CURSO 2019/2020**

ANEXO 2

CERTIFICADO DE MATRÍCULA NO CENTRO DE ENSINO.

D / D^a. _____,

Secretario/a do centro _____

CERTIFICO

Que o/a alumno/a

_____, está

matriculado/a e cursa integramente neste centro estudos de _____

_____, durante o curso 2019/2020.

_____ de _____ de 2020

O/A Secretario/a do centro.

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

ANEXO 3

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE.

D./D^a. _____

co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto para o curso 2019/2020

DECLARO:

1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou afectado en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.
2. Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que me fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
3. Que todos os membros da unidade familiar están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
4. Que todos os membros da unidade familiar están empadroados no concello de Ames. Que o/a solicitante, así como os abaixo asinantes, únicos integrantes maiores de idade da unidade familiar, **AUTORIZAMOS** ao Departamento de Educación a facer as comprobacións oportunas que certifiquen dita situación. (NO CASO DE NON OUTORGAR A AUTORIZACIÓN, O/A INTERESADO DEBERÁ APORTAR A CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE).
5. Que a/o solicitante, así como os abaixo asinantes, como únicos integrantes maiores de idade da unidade familiar, coñecedores das bases da convocatoria, **AUTORIZAMOS** ao Concello de Ames para solicitar no noso nome as correspondentes certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, a fin de acreditar o cumprimento destas obrigas (EN CASO DE NON OUTORGAR AUTORIZACIÓN, O/A INTERESADO/A DEBERÁ APORTAR ORIXINAIS (OU COPIAS S) DAS CORRESPONDENTES CERTIFICACIÓNS).

Nome e apelidos	NIF	Sinatura

Ames, _____ de _____ de 2020

O/A solicitante.

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR
DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.
CURSO 2019/2020**

ANEXO 4

CONTA XUSTIFICATIVA

D./D^a. _____

co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o curso 2019/2020,

DECLARO

Que os gastos financiados con esta achega son os seguintes:

CIF Expedidor da factura	Razón Social Expedidor da factura	Nº de factura	Data de expedición	Importe
			Total gastos	

OUTRAS ACHEGAS QUE FINANCIARON ESTES GASTOS

Subvencións.

Administración concedente.-	Importe.-
Total	_____ €

Ames, _____ de _____ de 2020
O/A solicitante.

